

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE, IDONEIDADE E CARÁCTER NON CONTRACTUAL DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A. PARA A COBRANZA DAS LIQUIDACIÓNS EMITIDAS POLA APLU.

1. Suxeitos, capacidade xurídica e competencia

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (en adiante, APLU) é un ente público de natureza consorcial adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, que está dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamentos propios, así como plena autonomía no cumprimento das súas funcións. Entre as súas funcións de natureza pública previstas no Decreto 213/2007, do 31 de outubro, polo que se aproban os estatutos desta entidade, destaca a instrución de expedientes sancionadores e de reposición da legalidade urbanística que poden culminar coa imposición de sancións e multas coercitivas así como coa emisión de liquidacións por execución subsidiaria, todos eles ingresos públicos cuxa xestión corresponde á APLU.

ABANCA Corporación Bancaria, S.A. (en adiante, ABANCA), é unha corporación de dereito privado con personalidade xurídica propia, capacidade de obrar plena para o cumprimento dos seus fins e plena autonomía no marco da normativa que lle é de aplicación, baixo a garantía xurisdiccional dos tribunais de xustiza, contemplando entre os seus fins a realización de toda clase de actividades, operacións e servizos propios do negocio da banca en xeral ou relacionados directa ou indirectamente con este.

A competencia para celebrar o presente convenio ven expresamente amparada polos artigos 9 e 17 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo (en diante RXR), polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, onde se recolle a posibilidade de celebrar convenios con entidades de crédito para colaborar na xestión recadatoria da facenda pública, entendendo por tal o exercicio da función administrativa conducente á cobranza das débedas e sancións tributarias e demais recursos de natureza pública que deban satisfacer os obrigados ao pago.

2. Tipo de convenio

Son partes asinantes do presente Convenio a APLU, unha entidade pública instrumental que forma parte do sector público autonómico conforme o disposto no artigo 45 letra a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento do sector público autonómico de Galicia, e ABANCA unha corporación bancaria de dereito privado conforme ao disposto no artigo 1 dos seus Estatutos, que contempla entre os seus fins a realización de toda clase de actividades, operacións e servizos propios do negocio da banca en xeral ou relacionados directa ou indirectamente con este.

Polo tanto, atopámonos ante un convenio suscrito entre unha entidade de dereito público e un suxeito de dereito privado, que responde ao tipo previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e que se atopa directamente amparado polos artigos 9 e 17 do RXR onde se contempla expresamente a colaboración con entidades de crédito para colaborar na xestión recadatoria da facenda pública baixo a fórmula do convenio de colaboración.

No ano 2009 formalizouse un contrato de conta corrente restrinxida entre a APLU e ABANCA, (entón Caixa Galicia), contrato que tiña por obxecto recoller os ingresos procedentes das multas e sancións impostas pola APLU no exercicio das súas competencias, así como as demais operacións derivadas dos Convenios de adhesión asinados entre a APLU e os Concellos adheridos á mesma; coa sinatura



do presente convenio de colaboración pola entidade prestaranse uns servizos financeiros no ámbito da xestión recadatoria que mellorarán a eficiencia da xestión pública ao servizo do cidadá, facilitando a utilización de medios e servizos públicos, fomentando o emprego de sistemas telemáticos e logrando un servizo máis áxil e próximo.

3. Finalidade

É de interese común das partes colaborar na cobranza das liquidacións emitidas pola APLU simplificando e facilitando o cumprimento da obriga de pago das súas liquidacións, ampliando para iso os procedementos e medios de pago, ao tempo que preténdese fomentar o uso do pago telemático ou a través de caixeiros automáticos, entre outras canles, reconducindo na medida do posible o pago presencial ás canles mencionadas.

4. Necesidade e oportunidade

A APLU ten atribuídas funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e no seu desenvolvemento exerce competencias propias e delegadas das que pode derivarse a imposición de multas, sancións así como a emisión liquidacións por execución subsidiaria das ordes de demolición, todos eles ingresos públicos cuxa xestión recadatoria corresponde á APLU.

ABANCA, desenvolve de xeito estable e continuado un compromiso coa banca sostible en beneficio dos seus clientes, favorecendo o desenvolvemento social e económico de Galicia, colaborando estreitamente coas administracións públicas nos diferentes ámbitos da actividade financeira, entre os que se atopa a xestión recadatoria.

Por parte da APLU considérase que a prestación de este servizo financeiro será de gran axuda e utilidade para os obrigados ao pago proporcionando novas vías que faciliten o cumprimento das súas obrigas, así como simplificará as labores internas de xestión de ingresos.

5. Obxecto

Este instrumento convencional específico ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a APLU e ABANCA, para a prestación do servizo de cobranza de liquidacións emitidas pola APLU, servizo que estará asociado á conta **ES79 2080 0388 22 3110002162**, articulando os seguintes sistemas de cobranza cunha dispoñibilidade de **24 horas os 365 días do ano** en efectivo, con cargo en conta e con tarxeta de crédito ou débito, emitida por ABANCA ou por calquera outra entidade, a través das seguintes canles (de ABANCA):

- a. **Caixeiros automáticos.**
- b. **Web corporativa de ABANCA**
- c. **Banca Electrónica de ABANCA**
- d. **Banca móbil de ABANCA.**

En Oficinas ABANCA, só durante o horario de atención ao público.

6. Financiamento

A sinatura do presente convenio non comporta gasto nin obriga económica para ningunha das partes asinantes.

7. Carácter non contractual.

Consonte ao establecido nos artigos 4 e 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, os convenios acordados entre entidades de natureza xurídico pública dependentes das Administracións Públicas para o desenvolvemento conxunto das súas funcións de interese público sen



ánimo de lucro, son negocios xurídicos excluídos do ámbito de aplicación desta lei, sen prexuízo de que sexan de aplicación os seus principios para as dúbidas ou lagoas que puideran xurdir.

A fórmula do convenio é a idónea para regular a colaboración entre ABANCA e a APLU xa que trátase de colaborar na xestión recadatoria de ingresos públicos que se perciben a través dunha conta corrente restrinxida xa contratada con ABANCA.

8. Vixencia

O presente Convenio terá un prazo de vixencia inicial dun ano dende a data da súa sinatura, quedando automaticamente prorrogado por anos sucesivos se ningunha das partes manifesta expresamente a súa vontade en contra, e en todo caso en tanto se manteña o contrato de conta corrente restrinxida ao que se vincula.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.-O director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

